

4



## Ollos abertos

### Remedios ante os males

Hai cousas boas e bonitas que empezan a danarse pouco a pouco. Se non se pón remedio a tempo, poden destruírse por completo.

#### ■ Algúns males

- Unha pequena goteira pode facer podreecer pouco a pouco as vigas ata chegar a facelas caer.
- Uns bichos moi pequenos, os térmites, empezan a roer o tronco dunha árbore e rematan por facelo secar.
- A traza pode entrar nun moble. Aínda que son vermes moi pequenos, poden comer por completo a madeira.

#### ■ Algúns remedios

É importante non deixar que medren estes males. E hai que estar atentos para poñerlles remedio.

Males	Remedios
Goteiras	
Térmites	
Traza	



## Mirada penetrante

### Remedios ante os perigos

Tamén as persoas poden perder cousas importantes se non se decatan a tempo dalgúns perigos, que poden destruílas pouco a pouco.

#### ■ Ante as cousas importantes

	Perigos que as poden destruír	Remedios posibles
A saúde	Comer algún alimento que fai dano, non tomar a menciña que necesito....	Visitar ao médico e facer caso a todo o que me di.
A amizade con algunha persoa		
As boas notas nos estudos		
A boa forma física para algún deporte		

- Actitudes fundamentais ante as cousas importantes
  - Valoralas, aprecialas, coidalas.
  - Evitar aquilo que poida facerlles dano.
  - Tratar de recuperalas, se as perdemos.

- ▶ ¿Estás de acordo con estas tres actitudes?
- ▶ ¿Procuramos facelo así?



## Oídos atentos

### Desterro e regreso do pobo de Israel

Deus déralle ao pobo de Israel unha terra propia, unha vida libre, unhas boas construcións, un rei, un fermoso Templo... Pero o pobo, polo seu pecado, non soubo coidar e conservar esas cousas boas.

■ 1 ■



- Os israelitas seguiran malos costumes doutros pobos... e os reis perverteron o pobo. Cometeron accións horrosas contra o Señor, o seu Deus. (2 Re 17,8-9.11)

■ 2 ■



- Polos pecados que cometestes diante de Deus ides ser levados cativos a Babilonia. (Bar 6,1)
- Nabucodonosor, rei de Babilonia... Incendiou o Templo do Señor e o pazo real, prendeu lume a todas as casas e pazos e demoleu as murallas de Xerusalén... O pobo foi deportado lonxe da súa terra. (2 Re 24,11.13.15.16; 25,18)

■ 3 ■



- Fomos feitos escravos, porque pecamos contra o Señor noso Deus, non lle facendo caso á súa voz... Señor, olla para abaixo dende a túa santa Casa e pensa en nós. Achega o teu oído e escoita. (Bar 2,5.7.16)

■ 4 ■



- Eu fareinos volver á terra que lles prometín con xuramento a seus pais e serán os señores dela... Establecerei con eles unha alianza eterna, de modo que eu sexa o seu Deus e eles sexan o meu pobo e non volverei a mover ao meu pobo da terra que lle dei. (Bar 2,34-35)

■ 5 ■



Ciro, rei de Persia, decreta:

- Os que de entre vosoutros pertenzan ao pobo de Israel, que o seu Deus sexa con eles e que os conduza a Xerusalén, en Xudá, para construír a Casa do Señor. (Esd 1,1-3)



- Cando xa todos os israelitas estaban instalados na súa terra, o pobo enteiro congregouse... Prometeu camiñar na Lei de Deus, que foi dada por Moisés, e gardar e practicar todos os mandamentos do Señor, as súas normas e as súas leis. (Neh 8,1; 10,13)



▶ Sinala neste mapa:

- O percorrido do pobo de Israel no desterro e a volta.
- O lugar onde sucederon cada un dos cinco feitos que se sinalan neste apartado.



## Memoria esperta

### A fidelidade de Deus

A Igrexa proclama sempre o amor e a fidelidade de Deus. Recórdanos que debemos confiar sempre no Señor, a pesar dos nosos pecados.

- **¿Por que foi desterrado o pobo de Israel?**
- **¿Que significou o desterro para o pobo de Israel?**  
*Durante o exilio, Deus purificou moi a fondo a fe dos desterrados,*
- **¿Como respondeu Deus ao pobo arrepentido?**  
*Autorizados por Ciro, rei de Persia, os xudeus regresaron á patria. (ENF p. 22)*
- **¿Que fai o pobo ao volver do desterro?**  
*A partir de entón a vida relixiosa dos xudeus xirou en torno á meditación, asidua e fervente, do Libro inspirado da Palavra de Deus. (ENF p. 21)*



## Mans activas

### Volver ao bo camiño

Todos nós intentamos facer as cousas ben, pero algunhas veces temos fallos. Non debemos desanimarnos, senón que é necesario arrepentirnos, corrixir os nosos erros e volver ao bo camiño.

#### ■ Consellos para corrixir erros e volver ao bo camiño

1. Facer caso aos consellos dos pais, os profesores, os catequistas e as persoas maiores que nos queren.
2. Aceptar as correccións que nos fan, cando temos fallos, porque son sempre para o noso ben.
3. Consultar aos pais o que imos facer, contarlles as cousas e non os enganar nunca, aínda que fagamos algo que sabemos que non está ben.
4. Cando teñamos algún fallo, sabelo recoñecer, pedir perdón a Deus, arrepentirnos e tratar de volver ao bo camiño.
5. Pedir axuda para poder superar os fallos e esforzarnos moito para volver a facer as cousas ben.
6. Confiar en Deus que sempre nos axuda a vencer o mal, pedirlle que nos dea forza para facer sempre o ben.

#### ■ Algúns comportamentos

Comportamento	Consello
"Eu non lles digo a meus pais o que fago porque, se llelo digo, castíganme".	
"Eu quero pasalo ben. Se fago o que me din os meus pais non me divirto e abúrrome".	
"Eu son vago e non son capaz de estudar, non o conseguirei nunca".	

► Fíxate nos comportamentos anteriores e busca un consello que lles viría ben.

► ¿Cal deses seis consellos lle darías a cada un? Escribe o número correspondente.